N	B3.12. A educación viaria. Respecto cara ás normas de mobilidade viaria. Identificación das causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico.	B3.9. Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico.	VSCB3.9.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.	Explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico	CSC CSIEE	Escala de observación Diario de clase

4.7.2. Temporalización

Atópase rexistrada na táboa

4.7.3. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía que se vai empregar procurará unha aprendizaxe significativa, dándolle ao labor didáctico un enfoque globalizador, e na medida das posibilidades lúdico e motivador. Poñeremos especial atención nun trato individualizado, respectando as peculiaridades de cada neno, atendendo aos seus ritmos de aprendizaxe e aos seus intereses persoais. Promoveremos un enfoque interdisciplinar das materias e unha aprendizaxe activa, na que o alumno sexa quen de construír a súa propia aprendizaxe, que se desenvolverá nun ambiente que promoverá o traballo cooperativo (dependendo da situación epidemiolóxica), fomentando a aprendizaxe entre iguais. desenvolvemento de proxectos en torno as materias de estudo serán promovidos como elementos enriquecedores e altamente motivadores e por ser o xeito de afianzar as competencias clave. Se tentará que as tarefas que se desenvolvan vaian orientadas á resolución de problemas da vida real. Na medida das posibilidades se empregarán recursos da rede e as achegas que as TIC fan ao mundo escolar, conscientes de que ese será o mundo no que se moverán os nosos alumnos. Daquela tentaremos desenvolver un espírito crítico con respecto delas, explotando as súas posibilidades pero facendo un uso axeitado e seguro das mesmas. Atenderemos aos distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado, e promoveremos unha educación inclusiva. A lectura e a súa promoción terá un tratamento específico dentro da aula.

A metodoloxía na aula debe fundamentarse na relación entre o progreso persoal e o académico, porque equilibrio afectivo e aprendizaxe van unidos e fortalécense mutuamente. O ensino da área require que o profesorado estimule a axuda mutua e o traballo cooperativo, co que a través da comunicación oral, o diálogo e a interacción entre o alumnado se contribuirá a desenvolver a competencia para participar activamente nun equipo, a análise e a reorganización das propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas e a solidariedade, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas. Debe potenciar, ademais, o desenvolvemento de competencias que lles permitan aos alumnos e as alumnas considerarse

valiosos e valiosas e axudar ás demais persoas, á vez que se senten recoñecidos e recoñecidas e se mostran receptivos e receptivas para recibir axuda na resolución de problemas.

4.7.4. Materiais e recursos didácticos

- Materiais
 - Caderno de actividades.
 - Murais.
 - Encerado e pizarra dixital.
- Recursos
 - Biblioteca de aula e de centro
 - Aula de informática.
 - Material didáctico: Láminas de observación
 - Recursos do entorno: (saídas, exposicións, teatro...)
 - Contos para intercambio
 - Recursos audiovisuais

4.7.5. Avaliación e criterios de cualificación do alumnado

- Momentos da avaliación

Avaliación inicial

Ao comezo do curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, realizarase unha avaliación inicial de cada área incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado na materia e o grao de desenvolvemento das competencias básicas.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Será de gran importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo a fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

Despois desta reflexión inicial o alumno realizará una pequena avaliación inicial de cada unidade para ir adaptando o nivel nas competencias básicas e o contido da materia

Avaliación continua

A avaliación será continua e formativa , tratando de atender a todo o proceso de ensino aprendizaxe, coa observación e seguimento do alumno:

- Actividades realizadas en clase ou na casa que se recollerán para avaliar de maneira individualizada: exercicios, resumes, esquemas e mapas conceptuais
- Exposicións orais, traballos, informes...
- Traballos en grupo

Estableceranse as medidas mais adecuadas para que as condicións de realización da avaliación se adapta ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, tendo en conta as directrices marcadas pola orientadora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Avaliación final

1.Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis.

2.Avaliaranse as aprendizaxes do alumnado mediante os indicadores de logro.

- Criterios de cualificación:

ASPECTOS VALORADOS

- Actividades diarias de clase, fichas, producións propias, exercicios e caderno de clase. **50%**
- Intervencións orais, participación, interese, esforzo... **50%**

4.7.6. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

Como primeiro paso analizaranse as actas finais do curso anterior do grupo de alumnos e os informes individualizados dos mesmos. Ao comezo do curso realizaranse probas no marco da primeira quincena de clases, durante o mes de setembro, para avaliar o estado dos coñecementos do alumnado e marcarnos o punto de partida do noso traballo. Estas probas faranse tendo en conta os estándares do curso anterior. Os instrumentos de avaliación serán fundamentalmente listaxes de control e listas de verificación, e a análise da actividade desenvolvida na aula. Recollidos os datos da avaliación inicial determinaranse aqueles estándares que requiran dun tratamento máis intenso de cara a garantir un aproveitamento axeitado do curso.

5.CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os criterios de promoción entre cursos e ao final de etapa serán os seguintes:

O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado, ou os obxectivos da etapa, e que acadou o grao de adquisición necesario das competencias correspondentes.

Tomaranse como referencia as seguintes consideracións:

O alumno ou alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que:

- ✓ Non teña máis de tres materias con cualificación de insuficiente.
- ✓ Non teña cualificación de insuficiente nunha das linguas cooficiais e matemáticas.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado. Poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polo centro de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

6.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Empregaremos ao remate do proceso a seguinte táboa para valorar o proceso de ensino e a práctica docente:

	1	2	3	4
Deseño distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada un dos obxectivos				
Motivo aos meus alumnos comunicándolles os obxectivos que quero acadar e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos.				
Relaciono os contidos con situacións reais, informándoos da utilidade e creando expectativas				
Emprego metodoloxías que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno e que teña en conta os seus intereses				
Propoño actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma				
Cando comezamos unha actividade nova, os alumnos/-as coñecen os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar e como se lles vai avaliar.				

As actividades que propoño están relacionadas con situacións da vida real.				
En función das características de cada alumno suscito tarefas e logros diferentes.				
Propoño metodoloxías diversas.				

Tamén valoraremos aspectos organizativos sobre o emprego de materiais e distribución do grupo clase

Como organizo o grupo clase (expresado en porcentaxe de tempo)		%
	Traballo individual	
	Parellas	
	Pequeno grupo	
Gran grupo		
Emprego recursos e materiais variados para a aprendizaxe		

7.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ao alumnado e á súa contorna en función das diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivación e intereses, situacións sociais, culturais, lingüísticas e de saúde. Toda intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade do alumnado adaptando a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo dos nenos e nenas, dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración. Co obxectivo de responder as necesidades educativas de cada neno ou nena e á consecución, por parte de todos eles, dos obxectivos da etapa, sen que supoñan, en ningún caso, unha discriminación que lles impida alcanzar ditas metas, é necesario adoptar unha serie de medidas de atención á diversidade, entre as que se atopan: Actividades de reforzo e de profundización ou ampliación.

As actividades de reforzo van dirixidas a todos os alumnos que presentan dificultades coa adquisición dos contidos mínimos. As actividades de profundización teñen un maior nivel de complexidade e van destinadas a aqueles alumnos que resollen de maneira satisfactoria os contidos básicos.

8.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2020: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2020: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2020: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2020: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2021: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2021: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2021: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2021: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 8 ao 12 de marzo de 2021: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2021: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 19 e o 23 de abril de 2021: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2021: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2021: Día de Europa.
- Do 10 ao 14 de maio de 2021: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2021: Día Mundial do Medio Ambiente.

Ademais, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, realizaranse actividades específicas próximas ás datas de celebración internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais.

9.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS E PROCESOS DE MELLORA

Valoraremos a adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación á realidade do alumnado. Comprobaremos se as avaliacións das materias inclúen o grao de desenvolvemento das competencias básicas, se a metodoloxía empregada é coherente cos obxectivos previstos, se se aplicaron as medidas de atención á diversidade de forma axeitada, e se as aprendizaxes do alumnado con relación ao previsto están axustadas. Comprobaremos se o grao de desenvolvemento das programacións docentes foi suficiente e se a coordinación entre o

profesorado cumpre as expectativas iniciais. Con todos estes datos poderemos avaliar globalmente todo o proceso

Para valorar a nosa propia programación e acometer as reformas necesarias co fin de melloralas, usaremos como ferramenta esta lista de valoración:

ASPECTOS DA REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN	1	2	3	4
Organizáronse os estándares en relación ás distintas unidades de programación.				
Definíronse axeitadamente os indicadores de logro dos estándares.				
Determináronse os estándares imprescindibles.				
Están correctamente asociados estándares, instrumentos de avaliación e indicadores de logro.				
Deseñouse a avaliación inicial e definiuse que facer cos seus resultados.				
Medidas de atención á diversidade: Tivéronse en conta medidas xerais de intervención educativa.				
Contempláronse medidas para o alumnado con NEAE.				
Fíxose unha AC no caso de estar autorizada.				
Atendeuse axeitadamente ao alumnado con sobredotación.				
Definíronse programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación vinculados aos estándares.				
Avaliouse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.				
Hai estratexias de promoción da lectura e da escritura.				
Hai estratexias para inserir as TIC no proceso de ensino.				
Aplicase a metodoloxía didáctica acordada.				
As tarefas están vinculadas a situacións reais, significativas e motivadoras para o alumnado.				
Cada instrumento de avaliación relaciónase cos estándares de aprendizaxe.				
Hai procedementos e instrumentos de avaliación variados.				
Os estándares imprescindibles están identificados.				
Infórmase ás familias e ao alumnado de estándares e criterios de cualificación.				
Análise dos resultados das avaliacións individualizadas.				
Coordinación entre o equipo didáctico.				
Coordinación do profesorado a nivel vertical: outros cursos e etapas.				
Tratamento preciso dos temas transversais.				
Actividades extraescolares e complementarias.				

10. OBXECTIVOS MÍNIMOS EN CASO DE ACITIVDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

MATEMÁTICAS	
<i>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</i>	<i>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</i>
B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MTB1.2.2. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas.
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as centésimas).	MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor.	MTB2.2.1. Descompón, compón e redondea números naturais e decimais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
B2.4. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá	MTB2.4.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división (de ata dúas cifras) con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás
B3.2. Operar con diferentes medidas.	MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán. MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa
B3.4. Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	MTB3.4.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais coma figuradas.
B4.1. Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapezio e rombo.	MTB4.1.2. Utiliza instrumentos de debuxo e ferramentas tecnolóxicas para a construción e exploración de formas xeométricas.
B5.2. Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, máis ou menos probable) de situacións sinxelas nas que interveña o azar e comprobar o dito resultado	MTB5.2.1. Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas.

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	
<i>CRITERIO DE AVALIACIÓN</i>	<i>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</i>
B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	LCB1.3.1. Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situación de comunicación: diálogos, exposicións orais segundo modelo e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e comunicación.
B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos.	LCB2.1.1. Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.	LCB2.2.2. Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.
B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas e cuidando a caligrafía, orde e presentación.	LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelo do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas.... LCB3.1.2. Escribe textos, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas.
B3.4. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura.	LCB3.4.1. Emprega, de xeito guiado e segundo modelos, estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.
B3.7. Utilizar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.	LCB3.7.1. Usa con axuda Internet e as Tecnoloxías da Información e da Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, buscar imaxes, crear táboas e gráficas etc.
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.1. Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados. LCB4.1.3. Diferenza familias de palabras.
B5.4. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións e fragmentos teatrais.	LCB 5.4.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

<i>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</i>	<i>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</i>
B1.3. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente a secuencia de ideas, feitos, vivencias e as súas opinións e preferencias, utilizando o dicionario se é preciso.
B2.1. Comprender, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (web infantís, libros, carteis).	LGB2.1.1. Comprende a información relevante en textos propios de situacións cotiás e dos medios de comunicación social nos que esta se amose de forma evidente.
B2.6. Ler, en silencio ou en voz alta, textos en galego adaptados aos seus intereses.	LGB2.6.1. Descodifica sen dificultade as palabras. LGB2.6.2. Le textos en voz alta, sen dificultade e coa velocidade adecuada.
B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información. LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia xeral e de xeito creativo. LGB3.1.3. Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación). LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe. LGB3.1.5. Escribe textos propios seguindo o proceso de planificación, redacción, revisión e elabora borradores
B3.5. Usar, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto	LGB3.5.1. Usa, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.2. Identifica o tempo verbal (presente, pasado e futuro) en formas verbais dadas. LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.
B5.1. escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega, así como da literatura galega en xeral.	LGB5.1.1. escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral.

CIENCIAS SOCIAIS	
<i>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</i>	<i>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</i>
B1.1.Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados.	<p>CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.</p> <p>CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.</p>
B2.2.Explicar e comparar as distintas formas de representar a superficie terrestre identificando os polos, o eixe e os hemisferios e analizar cal delas reflicte mellor a realidade á que representa.	CSB2.2.1.Explica e compara as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos identificando polos, eixe e hemisferios.
B2.5.Explicar que é o tempo atmosférico, coñecer os instrumentos de medida, o seu uso, realizar medicións e interpretacións de gráficos a través dos datos recollidos nunha estación meteorolóxica de cara a facer unha predición do tempo atmosférico para un período de tempo determinado e a comunicación deste empregando mapas do tempo.	<p>CSB2.5.1.Define tempo atmosférico, identifica os distintos instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos clasificándoos segundo a función e información que proporcionan e fai medicións, interpretacións de datos e predicións do tempo atmosférico.</p> <p>CSB2.5.2.Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función e confecciona e interpreta gráficos sinxelos de temperaturas e precipitacións.</p>
B2.6.Explicar a hidrosfera, identificar e nomear masas e cursos de auga, diferenciando augas superficiais e augas subterráneas, cuncas e vertentes hidrográficas e analizar as partes as partes dun río do medio próximo	CSB2.6.3.Identifica e nomea os tramos dun río e as características de cada un deles.
B2.8.Describir as características do relevo de Galicia e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	CSB2. 8.2 Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de Galicia.
B3.3.Coñecer a organización territorial do Estado español e os seus órganos de goberno básicos	CSB3 3.1 Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España.
B4.4.Identificar e localizar no tempo os procesos e acontecementos históricos e culturais máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución e coñecer os principais xacementos arqueolóxicos de Galicia.	<p>CSB4.4.1.Sitúa nunha liña do tempo os feitos fundamentais da prehistoria e historia de España e describe as principais características de cada unha delas.</p> <p>CSB4.4.4.Data a Idade Antiga e describe as características básicas da vida naquel tempo, en especial as referidas á romanización.</p>

CIENCIAS NATURAIS	
<i>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</i>	<i>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</i>
B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.
B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	CNB2.1.1. Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.
B2.2 Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.	CNB2.2.1. Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferencia prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde
B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais, plantas e rochas do seu contorno próximo, recoñecendo as súas características principais, buscando información en fontes variadas.	CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico. CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas do seu contorno, con criterio científico.
B4.3. Realizar experiencias con mesturas sinxelas de substancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno e achegar conclusións sobre os resultados.	CNB4.3.1. Compara densidades de diferentes substancias de uso cotián con respecto á auga e presenta conclusións en diferentes soportes. CNB4.3.2. Identifica e prepara algunhas mesturas de uso doméstico.
B5.1. Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e o seu uso na vida cotián.	CNB5.1.1. Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	
<i>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</i>	<i>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</i>
B1.1. Crear unha imaxe positiva de un mesmo tomando decisións meditadas e responsables, baseadas nun bo autoconceito	VSCB1.1.2. Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas propias calidades e limitacións.
B1.3. Estructurar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.	VSCB1.3.1. Reflexiona, sintetiza e estrutura os seus pensamentos.
B1.7. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais.	VSCB.1 7.1. Sopesa as consecuencias das súas accións. VSCB1.7.2. Desenvolve actitudes de respecto e solidariedade cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social.
B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	VSCB2.1.1. Expresar con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións.
B2.6. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.	VSCB2.6.1. Emprega diferentes habilidades sociais
B2.7. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas	VSCB2.7.1. Respecta e acepta as diferenzas individuais.
B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.	VSCB3.3.1. Percibe e verbaliza a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social.
B3.7. Comprender e valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia, argumentando en base a procesos de reflexión, síntese e estruturación.	VSCB3.7.1. Expón de forma argumentada a importancia de valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia.

PLÁSTICA	
<i>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</i>	<i>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</i>
B1.3. Identificar determinados/as artistas e amosar interese por coñecer as formas de expresión das súas obras máis representativas.	EPB1.3.3. Expresa as sensacións e as apreciacións persoais sobre as obras plásticas dun autor ou dunha autora cun criterio artístico.
B2.1. Coñecer e utilizar materiais, técnicas e códigos diversos que se utilizan nas producións artísticas.	EPB2.1.3. Utiliza as cores, as mesturas e a tonalidade con sentido estético, de forma cada vez máis autónoma. EPB2.1.12. Recorta, encarta e pega con precisión, con distintos materiais e texturas, creando formas tridimensionais
B2.2. Realizar composicións plásticas con figuras xeométricas, manexando ferramentas básicas de precisión e utilizando escalas e proporcións.	EPB2.2.1. Utiliza a cuadrícula como un elemento que estrutura o espazo gráfico. EPB2.2.7. Debuxa persoas e obxectos a través dun eixe de simetría.
B2.5. Coidar e usar correctamente os materiais, os instrumentos e os espazos	EPB2.5.1. Desenvolve hábitos de orde e limpeza, e usa de forma responsable e axeitada os materiais, os instrumentos e os espazos. EPB2.5.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza, respectando as normas e as indicacións establecidas, e crea hábitos de traballo

11. APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS NO CURSO 2019 – 2020

No que respecta ás linguas, galega e castelán:

O bloque 2 “ Comunicación escrita. Ler” , non se chegou a traballar co dicionario.

O bloque 4 “Coñecemento da lingua”, traballouse moi pouco a identificación dos distintos tipos de palabras (artigos, adxectivos, nomes e verbos). Tamén se traballaron pouco as normas de acentuación e o uso da til.

O bloque 5 “Educación literaria”, non se traballou en profundidade o teatro e a dramatización.

No que respecta ás Ciencias Sociais:

O bloque 3, “Vivir en sociedade”, non se profundou na organización territorial e política nin na demografía.

O bloque 4, “As pegados do tempo”, non se traballaron en profundidade os feitos históricos de Galicia nin a diferenza entre historia e prehistoria.

No que respecta ás Ciencias Naturais:

O bloque 1, “Iniciación á actividade científica”, non deu tempo a realizar os experimentos propios da semana das ciencias.

O bloque 5, “A tecnoloxía, obxectos e máquinas”, só se traballou en parte e durante as clases non presenciais.

Con respecto ás matemáticas: non se traballaron as unidades didácticas de medida (lonxitude, capacidade e masa) e a xeometría.

Con respecto ao inglés: non se puideron traballar certos contidos. Os máis destacables son os relacionados cos bloques 5: coñecemento da lingua e consciencia intercultural.

B5.2 Funcións comunicativas:

- Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre a localización de obxectos,...
- Realización de preguntas e repostas sinxelas sobre o prezo.

Ademais destes contidos, debido ao seguimento telemático das clases, non se puideron traballar de forma habitual actividades relacionadas coa comprensión e, especialmente, expresión oral dos nenos e nenas.

En canto á educación física: non se traballaron as unidades didácticas de actividades na natureza, orientación, malabares e algunhas sesións da unidade didáctica de atletismo (lanzamentos).

12. PLAN DE RECUPERACIÓN

O plan de recuperación xirará sobre tres eixes que considero básicos: avaliación inicial, período de adaptación e desenrolo espiral dos contidos.

Ao comezo do curso, farase unha avaliación inicial que me permita ver o grado de desenvolvemento das competencias clave e a adquisición de contidos. Xunto a ela, recollerei información a través dos informes individualizados do anterior curso e de reunións coa anterior titora/especialistas e familia.

Nas primeiras semanas, será fundamental un período de adaptación, facilitando a volta ao colexio despois de seis meses cun ritmo lento que se centre en afianzar rutinas.

Asemade, centrareime nun desenrolo en espiral dos contidos, que me permita enfocar estes dende o básico para ir engadindo dificultade. Deste xeito, revisaremos os contidos xa vistos para unha maior aprendizaxe significativa, conectando os novos contidos cos previamente adquiridos. Tamén me permitirá adaptarme a realidade individual de cada neno/a e dar así unha maior resposta á diversidade dentro da aula, atendendo aos diferentes niveis dentro do grupo.

13. MEDIDAS PARA A ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

ACTUACIÓNS INICIAIS PARA PREPARAR O POSIBLE PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

No principio do curso, e a ser posible nos primeiros días de setembro, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- ✓ Farase unha enquisa ás familias para poder **identificar ao alumnado que teña dificultades de conexión** ou falla de equipamento. Solicitarase que a Consellería e o Concello adopten as medidas oportunas que minimicen para as familias máis desfavorecidas as dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
- ✓ Porase en funcionamento a **aula virtual**.
- ✓ Todo o profesorado do centro recibirá unha **formación** básica que lle permita empregar as aulas virtuais e dixital.
- ✓ A formación do profesorado verase reforzada por dous cursos que se impartirán durante os meses de setembro e outubro dende o CFR de Vigo mediante a nosa aula virtual dentro do PFPP que desenvolveremos durante este curso.
- ✓ O profesorado **formará ao alumnado** de 3º, 4º, 5º e 6º para que poida acceder de forma autónoma á aula virtual e para que poida realizar as accións máis básicas e necesarias (subir arquivos, descargar arquivos, acceder aos enlaces ...).
- ✓ O profesorado dará unha formación básica no emprego dos ordenadores e tablets ao alumnado de 1º e 2º para que poidan realizar as accións máis básicas (manexar o rato e o teclado, abrir un arquivo, abrir internet, abrir un programa ...).
- ✓ O equipo de dinamización das TICs porá toda a información na páxina do centro para **informar e formar ás familias** sobre o funcionamento das aulas virtuais e do Abalarmóbil (documentos explicativos, vídeos titoriais ...). Enviaranse os enlaces a esta información a través das habituais canles de comunicación coas familias.

En canto á formación do alumnado con respecto ás novas tecnoloxías, o profesorado tratará de acadar na medida do posible os contidos e destrezas mínimos que se reflicten na seguinte táboa:

CONTIDOS E DESTREZAS	INF	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Acender e apagar o ordenador		X	X	X	X	X	X
O rato e o punteiro	X	X	X	X	X	X	X
O menú e iconas do escritorio	X	X	X	X	X	X	X
A barra de desprazamento	X	X	X	X	X	X	X
O monitor	X	X	X	X	X	X	X
Auriculares e altofalantes	X	X	X	X	X	X	X
Iniciar aplicacións dende o escritorio	X	X	X	X	X	X	X
O teclado: letras e números	X	X	X	X	X	X	X
Minimizar, maximizar e pechar xanelas			X	X	X	X	X
A barra de ferramentas			X	X	X	X	X
Gardar arquivos				X	X	X	X
A impresora				X	X	X	X
O botón dereito do rato					X	X	X
Disco duro portos USB almacenamento						X	X
Copiar pegar e mover arquivos						X	X
A extensión de arquivos						X	X
Instalar e eliminar aplicacións						X	X
Actualizacións						X	X
Antivirus						X	X
Navegar con hipervínculos			X	X	X	X	X
Utilizar buscadores				X	X	X	X
Copiar texto e imaxes na rede				X	X	X	X
Correo electrónico						X	X
Crear un documento de texto		X	X	X	X	X	X
Formato: fonte color,...				X	X	X	X
Inserir obxecto: táboas, imaxes,...					X	X	X
Empregar programas de presentacións.						X	X
Transferir imaxes dunha cámara						X	X
Tratamento sinxelo de imaxes						X	X
Correcto uso de foros, Chat, blog						X	X
Uso Aula Virtual				X	X	X	X
Comunicación por videoconferencia					X	X	X

PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

No caso de suspenderse a actividade lectiva presencial, están previstas as seguintes medidas:

- ✓ O ensino non presencial será **impartido polo profesorado ordinario** do alumnado preferentemente **a través da aula virtual** de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
- ✓ As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en adiante e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería.
- ✓ Para o alumnado de Infantil, 1º e 2º tamén se traballará a través das aulas virtuais, procurando que o acceso ás tarefas sexa o máis sinxelo posible.
- ✓ Ademais das aulas virtuais, habilitaranse **fórmulas de comunicación** como foros ou vídeo chamadas para manter contacto coas familias e fornecer contidos educativos para infantil, 1º e 2º de primaria.
- ✓ No caso do **alumnado no que non sexa posible o uso da aula virtual**, arbitrarase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia. Dito modo alternativo quedará recollido na programación didáctica e procurarase realizar unha proba do seu correcto funcionamento durante o tempo que asiste o seu alumnado ao centro.

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

En todo caso, durante o período de suspensión da actividade lectiva presencial, o profesorado procurará cumprir sempre coas seguintes premisas:

- ✓ **Manter o contacto permanente co alumnado** e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.

- ✓ **Actualizar diariamente as aulas virtuais** dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.
- ✓ Programar **tarefas que non supoñan unha carga de traballo excesiva** para o alumnado e para as súas familias.
- ✓ Programar tarefas das **distintas materias** atendendo á carga horaria de cada unha delas e procurando que os tempos de traballo do alumnado non se excedan das horas establecidas.
- ✓ Programar **distintos tipos de tarefas e en distintos soportes** (cadernos, libros, ordenador, vídeo, vídeo chamadas ...).
- ✓ **Revisar o protocolo** para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.

14. CONCLUSIÓN

Debido a situación epidemiolóxica da Covid-19, todas as actividades recollidas neste documento quedan suxeitas ás recomendacións sanitarias e ás instrucións da Consellería de Educación da Xunta de Galicia para este ano 2020-2021.